

aprobado polo Decreto 50/1989, do 9 de marzo, engadido polo Decreto 238/1998, do 24 de xullo.

Polo exposto, e en uso das facultades que me confiren os artigos 34.6º e 38 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1º

Acórdase a cesión en uso á Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Barallobre do seguinte vehículo:

Marca: Santana.

Modelo: Anibal.

Matrícula: 4528CPV.

Ano de matriculación: 2003.

Artigo 2º

A cesión sinalada no artigo anterior queda sometida ás seguintes cláusulas:

a) De conformidade co establecido polos artigos 35 bis, da Lei 3/1985, de patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, e 96 bis do Decreto 50/1989, polo que se aproba o seu regulamento, o ben cedido destinarase pola confraría cesionaria a fins de utilidade pública ou interese social, de xeito especial, á realización de vixilancia no ámbito territorial determinado polos respectivos estatutos e á colaboración en salvamento marítimo e loita contra a contaminación mariña.

b) A cesión, en uso, outorgarase polo prazo de cinco anos, contados a partir da súa formalización, sendo prorrogable por períodos sucesivos de igual duración, sempre que exista acordo expreso desta consellería, despois da petición formulada pola confraría cesionaria con anterioridade ao vencemento do período anterior, quedando excluída a tática recondución.

c) A confraría cesionaria farase cargo dos gastos necesarios para a reparación e posta en funcionamento do dito ben, e realizará tamén todas as reparacións que sexan necesarias para mantelo en bo estado de uso, sen que no momento da súa devolución á Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, poida ésta ser compelida á satisfacción dos gastos realizados por ningún destes conceptos.

d) Tanto se o ben cedido non se aplicase aos fins sinalados, como se se descoidase ou utilizase con grave quebrantamento, ou se se incumprisen as condicións do acordo, considerárase resolta a cesión e o ben reverterá á Comunidade Autónoma de Galicia, que terá dereito a percibir, logo da taxación pericial, o valor do detrimento ou deterioración que sufrise.

e) A confraría cesionaria responderá do valor do ben cedido no caso de destrución, roubo ou perda e asumirán a obriga de constituír un seguro de responsabilidade civil coa finalidade de garantir a cobertura dos

danos que puidesen ocasionarse, tanto ás persoas como ás propiedades, coa utilización do ben cedido.

Artigo 3º

A devandita cesión formalizarase mediante acta subscribida polo secretario xeral desta consellería ou funcionario en que delegue, e o órgano competente da Confraría de Pescadores Santiago Apóstol de Barallobre, debendo constar nela o acordo de cesión e a aceptación do cesionario.

Disposicións derradeiras

Primeira.-A Consellería de Pesca e Asuntos Marítimos, a través da secretaría xeral, realizará os trámites necesarios para a efectividade desta orde.

Segunda.-Esta orde producirá efectos desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 4 de marzo de 2009.

Carmen Gallego Calvar
Conselleira de Pesca e Asuntos Marítimos

**INSTITUTO GALEGO DE
PROMOCIÓN ECONÓMICA**

Resolución do 16 de marzo de 2009 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que establece un programa de préstamos para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI).

Con data do 23 de febreiro de 2009 o Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) adoptou o acordo de establecer unha liña de préstamos para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia.

Para os efectos do seu xeral coñecemento e en virtude das facultades que teño conferidas mediante o artigo 12 a) da Lei 5/1992, do 10 de xuño, de creación do Instituto Galego de Promoción Económica e do artigo 11.1º a) do Decreto 317/1992, do 12 de novembro, polo que se aproba o regulamento do Igape,

RESOLVO:

Único.-Publicar o programa de préstamos para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia, o cal se anexa a esta resolución.

Santiago de Compostela, 16 de marzo de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Programa de préstamos do Igape para financiar proxectos de investimento na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Investimentos (BEI)

O Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) é o instrumento básico de acción da Xunta de Galicia para impulsar o desenvolvemento competitivo do sistema produtivo galego, planeando e executando as actuacións do goberno autónomo para o apoio aos investimentos considerados estratéxicos no ámbito de Galicia.

O Banco Europeo de Investimentos (BEI), establecido polo Tratado de Roma e creado en 1958, é a institución financeira da Unión Europea, e contribúe á integración europea e ao desenvolvemento económico das rexións desfavorecidas. Entre outras actividades, o BEI financia a realización de investimentos de pequenas e medianas empresas (Pemes) en industria, turismo, servizos, investigación e desenvolvemento, promoción da innovación e da sociedade da información, así como proxectos dirixidos ao aforro enerxético e á protección do ambiente.

Por razóns de orde práctica, o BEI non pode financiar directamente proxectos de investimento pequenos ou medianos no marco dos préstamos individuais. Por iso ten establecido, coa intermediación de entidades colaboradoras, o sistema de préstamo ou financiamento global, que permite ao BEI ofrecer o seu apoio a proxectos de menor dimensión.

Á vista das dificultades de accesibilidade aos recursos financeiros con que poden atoparse determinados proxectos de investimento, considérase de grande interese a posta en marcha dunha liña de préstamos que debe complementar a oferta existente no mercado financeiro na Comunidade Autónoma de Galicia, especialmente para proxectos que poidan presentar riscos de implantación superiores aos que se poidan considerar habituais, pero que contan con viabilidade técnica e comercial.

Considerando a boa experiencia do Igape na xestión do contrato de financiamento asinado co BEI o día 1 de xuño de 2007, polo que se puxo á disposición das empresas galegas un importe goblal de 30.000.000 €, o Igape e o BEI asinaron un novo contrato o 30 de xaneiro de 2009, polo cal se dispón de 200.000.000 € adicionais, que poderán empregarse para financiar investimentos de empresas galegas cunha maior flexibilidade que no anterior contrato, en canto aos criterios de elixibilidade e sectores atendibles.

De acordo co contrato antes referido, o Igape, baixo a súa responsabilidade, prestará os fondos debidamente fraccionados para proxectos pequenos e medianos de investimento que cumpran os criterios de selección do BEI. O Igape xestionará directamente os eventuais préstamos, analizando e valorando os proxectos, seleccionando aqueles que se van financiar e asumindo o risco destas operacións.

O Decreto 133/2002, do 11 de abril (DOG nº 78, do 23 de abril), modificado polo Decreto 174/2007, do 6 de setembro (DOG nº 186, do 25 de setembro), habilita o Igape a conceder, no ámbito das súas fun-

cións, préstamos ou créditos a favor de empresas de acordo cos requisitos e características establecidos nos programas que con carácter xeral para tal efecto aprobe e que polo menos establecerán os requisitos dos posibles prestameiros, destino dos fondos, prazo e condicións das operacións e que serán obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

En virtude destes antecedentes, o Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 23 de febreiro de 2009, tomou o acordo de aprobar un programa de préstamos destinado a financiar proxectos de investimento de acordo coas seguintes cláusulas:

Primeira.-Dotación da liña para a concesión de préstamos.

Establécese unha liña de préstamos directos do Igape por importe máximo de 200.000.000 €, que se formalizarán durante os anos 2009, 2010 e 2011, mediante a afectación de partes do préstamo global asinado entre o Igape e o BEI o día 30 de xaneiro de 2009.

Segunda.-Características do programa.

2.1. Prestameiros: os prestameiros serán as empresas promotoras de investimentos elixibles que teñan a consideración de PEME independente segundo se define neste punto. Poderán concederse préstamos a Pemes que non cumpran o criterio de independencia segundo se define neste punto ata un importe máximo conxunto de 66.666.666 € (1/3 do préstamo global concedido ao Igape).

Para os exclusivos efectos deste programa recibirán a consideración de PEME aquelas empresas en que o seu número de empregados en nómina a tempo completo non sexa superior a 250.

Así mesmo, consideraranse Pemes independentes aquelas que:

a) Non teñan máis do 25% do seu capital en mans dunha ou varias sociedades.

b) Se o 25% ou máis do seu capital pertence a outra/s empresa/s, sempre que o número total de empregados do grupo consolidado sexa inferior a 250 personas;

c) Se o 25% ou máis do seu capital pertence a un ente local, sempre que este teña menos de 5.000 habitantes e un orzamento anual inferior a 10 millóns de euros;

d) Se o 25% ou máis do seu capital pertence a empresas ou institucións que se adecuen ás excepcións recollidas no número 2º do artigo 3 da Recomendación da Comisión 2003/361/CE do 6 de maio de 2003, é dicir: sociedades de capital-risco ou grupos de persoas físicas que practican unha actividade regular de investimento en capital-risco (investidores providenciais ou *business angels*) sempre que o seu investimento total nunha mesma empresa non sexa superior a 1.250.000 euros; universidades ou centros de investigación sen fin de lucro; e investidores institucionais incluíndo, entre outros, os fondos de desenvolvemento rexional.

As sociedades *holding* financeiras de grupos industriais ou as sociedades de *leasing* vinculadas a determinadas empresas de fabricación non poderán recibir financiamento para Pemes.

2.2. Prazo de presentación de solicitudes: o prazo de presentación de solicitudes iniciárase o día seguinte ao da publicación deste programa de préstamos no *Diario Oficial de Galicia* e rematará o 31 de decembro de 2010. No caso de esgotamento do crédito antes da dita data, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a finalización anticipada do prazo.

2.3. Proxectos que se financiarán: os proxectos que se vaian financiar deberán responder aos seguintes criterios de elixibilidade:

a) Características xerais: por regra xeral, os proxectos deberán prever novos investimentos e/ou intervencións de ampliación ou mellora de instalacións existentes, para realizar na Comunidade Autónoma de Galicia.

b) Conceptos de investimento financiábeis: considérase investimento financiábel:

Con carácter xeral poderán financiarse todos os investimentos e gastos incorridos no contexto do desenvolvemento das Pemes, coa excepción das operacións puramente financeiras.

Un proxecto está constituído por un conxunto de investimentos e gastos que deben ser identificables en termos de localización, concepción e vantaxes. O proxecto debe levarse a cabo nun prazo máximo de tres anos.

Os investimentos e gastos que poden ser obxecto de financiamento son os seguintes:

a) A adquisición de activos materiais. O financiamento da compra de terreos quedará excluída a non ser que por motivos técnicos resulte de todo punto indispensable para o investimento, nese caso o custo do investimento, coa dedución previa dos custos de adquisición de terreos e doutros custos non admisibles, sempre debe ser superior ao importe do financiamento do BEI. O financiamento da compra de terreos agrícolas está totalmente excluída.

b) Os investimentos relacionados con activos inmateriais, entre eles:

-Os custos de desenvolvemento, planificación e financiamento durante a fase de construción; os gastos de I+D (custos, gastos de desenvolvemento e salarios brutos directamente relacionados cos compoñentes de investigación, desenvolvemento e innovación das empresas).

-A creación de redes de distribución nos mercados nacionais ou outros dentro da UE (adquisición de activos ou marcas, custos de explotación e custos de persoal).

-A sucesión interxeracional ou a transmisión de empresas a membros do persoal co fin de garantir a continuidade das actividades económicas da empresa en cuestión. O alcance do financiamento queda

limitado a aqueles casos en que tanto o comprador como a empresa obxecto de transmisión sexan Pemes e a contía non exceda 1 millón de euros. A adquisición de empresas por si mesma non é susceptible de financiamento.

c) O aumento con carácter permanente do capital circulante necesario para o crecemento do negocio. Entenderase como capital circulante o valor das existencias (materias primas, produto en curso e produto terminado) máis o saldo resultante da diferenza entre as contas de clientes e provedores.

2.4. Sectores económicos excluídos: serán susceptibles de financiamento para Pemes proxectos en todos os sectores, coas seguintes excepcións:

a) A fabricación de armamento, armas e munições, as instalacións ou infraestruturas militares ou policiais e o material ou infraestruturas destinados a limitar os dereitos individuais ou a liberdade das persoas (cárceles e centros de detención de todo tipo).

b) Os xogos de azar coas instalacións conexas.

c) A produción, transformación ou distribución de tabaco.

d) As actividades que implican a utilización de animais vivos con fins experimentais ou científicos.

e) As actividades cuxo impacto sobre o ambiente só pode ser atenuado ou compensado en moi escasa medida.

f) As actividades que poidan ser controvertidas por razóns de orde moral ou ética.

g) As actividades cuxo único propósito sexa a promoción inmobiliaria.

2.5. Importe do investimento e do financiamento: só poderán financiarse con fondos do préstamo aqueles proxectos cuxo investimento financiábel estea comprendido entre 240.000 € e 25.000.000 €. A suma do financiamento para cada proxecto máis as potenciais subvencións non excederá en ningún momento o 100% do custo do proxecto.

2.6. Prazo e carencia: os préstamos que conceda o Igape terán un prazo mínimo de amortización de 24 meses e máximo ata o permitido no Decreto 133/2002, do 11 de abril, sen que en ningún caso poida superar a vida económica e técnica dos bens financiados. Poderá establecerse un prazo de carencia máximo de 4 anos.

2.7. Tipo de xuro: o tipo de xuro variará por semestres naturais e determinarase de acordo coa seguinte norma:

1. Tipo de referencia: para o primeiro semestre de cada ano calcularase como a media aritmética simple dos tipos diarios do euribor a prazo de 6 meses correspondentes ao mes de novembro do ano anterior. Para o segundo semestre será a media aritmética simple dos tipos diarios do euribor a prazo de 6 meses correspondentes ao mes de maio do mesmo ano.

2. Tipo adicional: 0,50 puntos porcentuais.

3. O tipo de xuro nominal anual dos préstamos será, para cada semestre natural, o resultante de engadirle ao tipo de referencia o tipo adicional.

4. Para os efectos deste acordo, enténdese por euribor (euro interbank offered rate, isto é, tipo interbancario ofrecido en euros) a prazo de seis meses, como o tipo de xuro para depósitos interbancarios en euros a prazo de seis meses publicado pola Federación Bancaria Europea ou pola entidade pública ou privada, española ou da Unión Europea, designada para tal efecto.

5. No caso de que desaparecese o euribor, o tipo de xuro de referencia calcularase segundo o disposto no contrato de préstamo ou supletoriamente, segundo as disposicións que para tal efecto o Igape publique no *Diario Oficial de Galicia*.

6. O tipo de xuro de referencia para cada semestre será publicado no *Diario Oficial de Galicia*.

7. O devengo de xuros será por días naturais, base 360, con liquidacións semestrais, que comezarán a computarse a partir do primeiro día inmediato posterior á data de disposición. Non obstante, o primeiro período de liquidación será irregular e igual ou inferior aos 6 meses polos días que transcorran desde a data da disposición ata o último día do semestre en que se realizou a disposición.

8. O tipo de xuro nominal dos préstamos que se formalicen no primeiro semestre de 2009 será o 4,795%.

9. Xuros de demora: no caso de atraso no pagamento dalgunha das sumas debidas en virtude dos contratos de préstamo que se formalicen, a prestameira incorrerá de pleno dereito en mora sen necesidade de requirimento previo e estará obrigada a pagar sobre a suma vencida o tipo de xuro de referencia do período máis 4 puntos porcentuais anuais. Os ditos xuros liquidaranse coincidindo co seguinte vencemento semestral de xuros.

Os importes vencidos e non satisfeitos capitalizaranse como aumento de capital debido e reportarán, pola súa vez, novos réditos ao tipo de xuro moratorio que resulte segundo o parágrafo anterior.

Os xuros moratorios devengaranse por días naturais sobre a base dun ano de 360 días.

2.8. Comisión de apertura: os préstamos que conceda o Igape devengarán unha única comisión, no momento da súa formalización, do 1% do capital formalizado.

2.9. Amortización anticipada: a prestameira ten a facultade de proceder ao reembolso total ou parcial do préstamo, mediante notificación dirixida ao Igape cun aviso previo mínimo de 15 días hábiles, e coincidente, en calquera caso, cunha data de revisión do tipo de xuro.

2.10. Incumprimento do préstamo: no caso de producirse o incumprimento das condicións do contrato de préstamo, o Igape procederá a dalo por vencido,

e requirirá o reembolso do capital vivo e os xuros devengados. No caso de incumprimentos relativos á xustificación do préstamo por importe que non alcance o 50% do disposto, o incumprimento poderá ser parcial, determinándose proporcionalmente ao devandito o importe do préstamo que terá que ser amortizado. Neste último caso, se o Igape tivese concedido algunha bonificación dos gastos financeiros, suspenderase o seu aboamento ata a completa regularización do préstamo, exixíndolle mentres tanto ao beneficiario a totalidade dos xuros devengados.

2.11. Garantías: o Igape tomará as garantías axeitadas segundo as características de cada operación. Se como consecuencia do seguimento e control que se efectúe durante a vixencia da operación fose notoria a diminución de solvencia da prestameira, procuraranse as accións precisas para reforzar a eventual obriga de reembolso. O Igape poderá allear directamente os bens inmoebles ou mobles que adquirise en procedementos xudiciais e inclusive os que adquirise en pagamento de débedas das que sexa acredor. Así mesmo poderá adxudicar directamente contratos de explotación respecto aos mencionados bens.

2.12. Dereito privado: os contratos mediante os que se formalicen as operacións someteranse ao dereito privado.

Terceira.-Tramitación.

3.1. Presentación de solicitudes.

Os interesados presentarán nas oficinas do Instituto Galego de Promoción Económica (Igape) a súa solicitude mediante o formulario que se incorpora como anexo I, que, ademais de todos os antecedentes que se consideren necesarios para a axeitada análise de viabilidade da operación, deberá estar acompañado da seguinte documentación:

a) Memoria do proxecto co contido mínimo sinalado no anexo I.b.

b) Plan de disposición de fondos.

c) Copia de todas as licenzas, autorizacións e permisos necesarios para iniciar o proxecto, en caso de seren necesarias.

d) Descrición das garantías que, de ser o caso, se ofrezan para cubrir o risco da operación.

e) Contas anuais correspondentes aos dous últimos exercicios.

f) Autorización ao Igape para solicitar a información acreditativa da solvencia e situación patrimonial, segundo o anexo I.c (deberase cubrir a autorización na súa versión en castelán).

g) Documentación administrativa da empresa (CIF, DNI do asinante da solicitude, escritura de constitución e dos estatutos debidamente inscritas no rexistro competente e as súas modificacións posteriores, e poder do representante que presenta a solicitude, inscrito, se é o caso, no rexistro competente).

h) Declaración do financiamento do proxecto, segundo o anexo I.d.

i) Certificación da condición de PEME, segundo o anexo I.e.

j) En caso de actividades situadas en zonas naturais protexidas, descrición completa das actividades afectadas.

k) No caso dos seguintes sectores: industria química e farmacéutica, refinarías de petróleo, industria extractiva, tratamento de residuos industriais, investimentos turísticos e hoteleiros localizados en litorais ou zonas naturais protexidas, e para as actividades de pretratamento e/ou evacuación de residuos sólidos urbanos de orixe doméstica, deberán achegar proxecto técnico ou documentación relativa á observancia da normativa ambiental e das medidas que se adoptaren para a protección do ambiente.

l) Calquera outra documentación ou información adicional que considere conveniente para unha correcta análise da solicitude.

A presentación da solicitude de axuda polo interesado comportaralle a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Economía e Facenda da Xunta de Galicia, segundo o disposto no artigo 43 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006. Non obstante, se por razóns técnicas ou doutra índole estes certificados non puidesen ser obtidos polo órgano xestor poderanlle ser requiridos ao interesado.

3.2. Avaliación. Comité de investimentos.

Logo do informe dos servizos técnicos do Igape, as solicitudes serán avaliadas por un comité de investimentos designado polo director xeral do Igape. O dito comité estará formado por tres técnicos do Igape, dous técnicos de Xesgalicia, *Sociedad Gestora de Entidades de Capital Riesgo, S.A.*, e un da Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro da Consellería de Economía e Facenda, por proposta do seu director xeral.

3.3. Resolución.

Unha vez avaliada a solicitude, será competente para resolver:

-Se o importe do préstamo é inferior a 1.000.000 €, o director xeral do Igape, por proposta do director da Área de Financiamento.

-Se o importe do préstamo é superior a 1.000.000 €, mediante acordo do Consello de Dirección do Igape por proposta do director xeral.

Non poderán ter a condición de prestameiros as empresas que non estean ao día das súas obrigas coa Facenda Pública e a Seguridade Social ou sexan debedoras por calquera concepto á Comunidade Autónoma de Galicia.

Na resolución ou acordo de concesión de préstamo farase constar o importe do investimento financiable, o importe do préstamo, o seu prazo de vixencia e carencia e a descrición das garantías que haxe que constituír a favor do Igape.

Na resolución ou acordo denegatorio do préstamo farase constar o motivo da denegación e as vías de recurso ante os xulgados de Santiago de Compostela da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses desde o seguinte ao da notificación da resolución e potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución, no prazo dun mes desde a dita data.

As solicitudes de préstamo resolveranse por orde de entrada das solicitudes completas no Igape, e ata que os fondos do préstamo global do BEI sexan totalmente afectados a proxectos tendo en conta as restricións establecidas nas cláusulas 2.1 e 2.3º b), o cal será obxecto de publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

3.4. Notificación.

O Igape notificaralle ao solicitante a concesión ou denegación do préstamo. O prazo máximo para notificar a resolución do procedemento será de tres meses a partir da data de presentación da solicitude no Igape, transcorrido o cal o solicitante poderá ter por desestimada a súa solicitude. O citado prazo poderá ser suspendido nos supostos establecidos no artigo 42.5º da Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Cuarta.-*Formalización.*

As empresas prestameiras terán un prazo de 6 meses desde a notificación da aprobación da operación para formalizala pola súa conta, transcorrido o cal decaerá a concesión e arquivarase o expediente, salvo xustificación de razóns de forza maior que motiven a concesión dunha prórroga do dito prazo.

Quinta.-*Seguimento e control.*

As empresas prestameiras obríganse a someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar o Igape, a Intervención Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia, e o Banco Europeo de Investimentos. Para tal fin quedan obrigadas á conservación de toda a documentación orixinal que acredite a realidade dos investimentos e gastos financiados coas operacións de préstamo, e a permitir ás persoas que se designen para efectuar as visitas aos traballos e instalacións vinculadas ao proxecto, así como realizar as verificacións que entendan necesarias para tal efecto, e facilitando o acceso á información e documentación que requiran.

Disposición derradeira

En todo o non recollido expresamente nestas cláusulas será de aplicación o establecido no Decreto 133/2002, do 11 de abril, de regulación da concesión de préstamos polo Igape, e as súas modificacións.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E
FACENDA



**Banco
Europeo de
Inversión**



ANEXO I

PROCEDIMENTO PRÉSTAMOS PARA FINANCIAR PROXECTOS DE INVERSIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA CON FONDOS DO BANCO EUROPEO DE INVESTIMENTOS (BEI)	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO EC527A	DOCUMENTO SOLICITUDE
---	---	--------------------------------

DATOS DO/DA SOLICITANTE

ENTIDADE		DATA DE CONSTITUCIÓN	NIF/CIF
ACTIVIDADE		CÓDIGO CNAE	
NOME E APELIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL			DNI
DOMICILIO DA ENTIDADE		PROVINCIA	LOCALIDADE
CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	ENDEREZO ELECTRÓNICO

SOLICITUDE PARA:

<input type="checkbox"/> PRÉSTAMO PARA FINANCIAR PROXECTOS DE INVERSIÓN NA COMUNIDADE AUTÓNOMA DE GALICIA			
INVERSIÓN A FINANCIAR	IMPORTE DO PRÉSTAMO	PRAZO DO PRÉSTAMO	CARENCIA
TÍTULO DO PROXECTO			
BREVE DESCRICIÓN DO PROXECTO			

CUMPRIMENTO DA CONDICIÓN DE PEME

NÚMERO DE TRABALLADORES ÚLTIMO EXERCICIO (*)			
¿A SOCIEDADE ESTÁ PARTICIPADA EN MÁIS DUN 25% POR OUTRA SOCIEDADE? (**)	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
¿A SOCIEDADE PARTICIPA EN MÁIS DUN 25% NOUTRA(S) SOCIEDADE(S)? (**)	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	
AS PERSOAS FÍSICAS (OU GRUPOS DE PERSOAS FÍSICAS QUE ACTÚEN DE COMÚN ACORDO) QUE TEÑEN UN 50% OU MÁIS DO CAPITAL OU DEREITOS DE VOTO NESTA ENTIDADE ¿DISPOÑEN UN 50% OU MÁIS DO CAPITAL OU DEREITOS DE VOTO DOUTRA ENTIDADE QUE ACTÚE NO MESMO MERCADO OU EN MERCADO CONTIGUO? (**)	<input type="checkbox"/> SI	<input type="checkbox"/> NON	

(*) NOTA: Se ten máis de 250 traballadores, non poderá ser beneficiaria da axuda.
(**) NOTA: No caso de que a resposta a calquera destas preguntas sexa afirmativa, debe cubrir o certificado de condición de Peme dos anexos I.e.1) e I.e.2) para que os servizos do Igape comprobren esta condición. Se responde negativamente a todas elas, cumpre a condición de Peme.

Quen subscribe coñece e acepta as condicións xerais do Programa de préstamos para financiar proxectos de inversión na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Inversións (BEI) e DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE que todos os datos que figuran nesta solicitude son certos, e acepta que son necesarios para a tramitación do expediente de referencia, e que a consecuencia da falsidade dalgun deles dará lugar ás responsabilidades exixibles legalmente. Así mesmo, comprométese a destinar o importe do préstamo, para o que solicita a axuda, á finalidade prevista.

Así mesmo, AUTORIZA o Igape para que solicite da Axencia Estatal de Administración Tributaria, da Consellería de Economía e Facenda, e da Seguridade Social, a información a que se refire o artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, en relación co cumprimento por parte do solicitante das obrigas tributarias estatais e autonómicas, as obrigas coa Seguridade Social e de ausencia doutras débedas coa comunidade autónoma.

Tamén AUTORIZA o Igape para que comprobe os seus datos de carácter persoal e de residencia e para que obteña os documentos xerados pola Administración autonómica necesarios para a tramitación do procedemento por medios telemáticos, de acordo co establecido no Decreto 255/2008, do 23 de outubro, polo que se simplifica a documentación para a tramitación dos procedementos administrativos e se fomenta a utilización de medios electrónicos e para obter directamente por vía telemática das distintas administracións públicas toda a información requirida para a tramitación do seu expediente.

Quen asina abaixo ACEPTA que os datos que facilite serán empregados exclusivamente polo Igape e cedidos ao Banco Europeo de Inversións para a xestión e tramitación do seu expediente, así como para o envío periódico de información sobre axudas e actividades de interese para o solicitante.

Do mesmo xeito coñece e ACEPTA que estes datos sexan incorporados a un ficheiro automatizado debidamente inscrito na Axencia Estatal de Protección de Datos. Poderanse exercer os dereitos de acceso, cancelación e oposición, poñéndose en contacto mediante carta dirixida á sede central deste instituto en Santiago de Compostela, complexo administrativo de San Lázaro, s/n, CP 15703, A Coruña.

LEXISLACIÓN APLICABLE

Resolución do 16 de marzo de 2009 pola que se fai público o acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que establece un programa de préstamos para financiar proxectos de inversión na Comunidade Autónoma de Galicia con fondos do Banco Europeo de Inversión (BEI).

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O REPRESENTA

SELO

, de de

ESPAZO RESERVADO PARA A ADMINISTRACIÓN

SELO DO REGISTRO DE ENTRADA

NÚMERO DE EXPEDIENTE

ANEXO I.B

Contido da memoria do proxecto

Memoria do proxecto ou actuación.

1. Obxectivos (fins inmediatos e fins últimos ou estratéxicos para a entidade).
2. Orixe e xustificación (necesidade, oportunidade e adecuación do proxecto ou actuación respecto á entidade).
3. Descrición técnica (contido, metodoloxía, fases, etc.).
4. Necesidades de medios técnicos (descrición dos novos investimentos).
5. Necesidades de medios materiais (descrición dos materiais adquiridos e utilizados).
6. Necesidades de persoal (tarefas e currículo do persoal adscrito ao proxecto).
7. Subcontratacións externas (axentes colaboradores, alcance e fases da colaboración).
8. Análise do mercado (tamaño, características, competencia, etc.).

9. Análise comercial do produto (cota de mercado e comparación fronte á competencia).

10. Análise económica (orçamento desagregado por conceptos e anos).

11. Análise financeira (estrutura do financiamento, entradas e saídas de tesouraría e rendibilidade).

Capacidade específicas da entidade.

1. Capacidades básicas (estratéxicas, organizativas e de control).

2. Capacidade técnica da entidade (recursos humanos, técnicos, materiais, colaboracións, cooperación).

3. Capacidade tecnolóxica da entidade (recursos humanos, técnicos e económicos, patentes I+D+i).

4. Capacidade comercial da entidade (canles de comercialización, mercados, grao de internacionalización, exportacións).

5. Capacidade económica da entidade (estados financeiros, política de financiamento e rendibilidade).

ANEXO I.c

AUTORIZACIÓN BANCO DE ESPAÑA

MODELO PARA PERSOAS FÍSICAS

_____, de _____ de _____

Autorizo a entidade _____ , para que lle solicite á Central de Información de Riscos do Banco de España un informe dos meus riscos crediticios, autorización que fago extensiva á mencionada central de información de riscos para que lle facilite os datos interesados.

Sinatura:

Asinado: (nome e apelidos) _____

DNI: _____

Para cubrir pola entidade declarante:

Garanto a autenticidade deste documento.

Asinado: (nome e cargo) _____

DNI: _____

Selo da entidade

MODELO PARA PERSOAS XURÍDICAS

_____, de _____ de _____

Autorizo a entidade _____ , para que lle solicite á Central de Información de Riscos do Banco de España un informe dos riscos crediticios da entidade _____ NIF _____ , autorización que fago extensiva á mencionada central de información de riscos para que lle facilite os datos interesados.

Sinatura:

Nome e cargo do asinante _____

DNI: _____

Para cubrir pola entidade declarante:

Garanto a autenticidade deste documento.

Asinado: (nome e cargo) _____

DNI: _____

Selo da entidade

ANEXO I.d

DECLARACIÓN DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO

Don/Dona con DNI nº
 en nome e representación da entidade con NIF/CIF nº

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

Que, para a actuación denominada esta entidade
 solicitou e/ou obtivo as fontes de financiamento que se relacionan a continuación:

FONTES DE FINANCIAMENTO				
Fondos propios				Importe €
<input type="text"/>				<input type="text"/>
Recursos alleos (no caso de préstamos indicar a entidade de procedencia)				Importe €
<input type="text"/>				<input type="text"/>
<input type="text"/>				<input type="text"/>
<input type="text"/>				<input type="text"/>
<input type="text"/>				<input type="text"/>
Outras axudas				
Organismo	Normativa	Ano	Importe concedido €	Importe solicitado €
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

Así mesmo, a entidade comprométese a comunicar inmediatamente outros recursos alleos e outras axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, que solicite e/ou obteña para a mesma actuación a partir da data desta declaración.

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura e selo da entidade)

ANEXO I.e

CERTIFICACIÓN DA CONDICIÓ DE PEME

Anexo I.e.1) Cubrir só no caso de resposta afirmativa a algunha das cuestións marcadas con (**)

Don/Dona con DNI nº
 en nome e representación da entidade con CIF:

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1) Que a sociedade a que representa foi constituída con data , e inscrita no Rexistro Mercantil ,
 folla , folio , sección , libro .

2) Que na data de peche do último exercicio:
 Ocupou persoas (incluído, se é o caso, o propietario, administrador ou familiares que traballen na empresa e legalmente incluídos no réxime de autónomos)

3) Que o órgano de administración da sociedade está composto polas persoas e co cargo que se relacionan a continuación:

NIF e nome		Cargo ou representación
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

4.1) Que o detalle de sociedades partícipes na empresa nunha porcentaxe igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

CIF e nome ou razón social	% de participación
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

4.2) Que o detalle de persoas partícipes na empresa nunha porcentaxe igual ou superior ao 50% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

NIF e nome	% de participación
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ou, alternativamente, no caso de que non se cubrisen os puntos 4.1) e 4.2):

4.3) Que non existen sociedades con participación en contía igual ou superior ao 25% nin persoas físicas con participación en contía igual ou superior ao 50% do seu capital ou dereitos de voto.

5.1) Que o detalle de participacións da empresa noutras sociedades en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto é o que se relaciona a continuación:

CIF e nome ou razón social	% de participación
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

ou, alternativamente, no caso de que a empresa non teña participacións iguais ou superiores ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas:

5.2) Que a sociedade non mantén participacións en contía igual ou superior ao 25% do seu capital ou dereitos de voto noutras empresas.

6) As sociedades relacionadas nos números 4.1) e 5.1) (se existen), deberán emitir pola súa vez certificado axustado a este modelo.

7) As persoas físicas relacionadas no número 4.2) deberán emitir certificado axustado ao modelo do anexo I.e.2)

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____
 (Sinatura e selo da empresa)

Anexo I.e.2) Cubrir para cada persoa das que aparezan relacionadas no número 4.2 do anexo I.e.1)Don/Dona con DNI nº co fin de acreditar a condición de Peme da entidade con CIF: **DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:**

- 1.1) Que non posúe individualmente ou de común acordo con outras persoas máis dun 50% en capital ou dereitos de voto noutra sociedade que opere no mesmo mercado ou mercado contiguo á antedita ou, alternativamente,
- 1.2) Que o detalle de participación individualmente ou de común acordo con outras, en máis dun 50% en capital ou dereitos de voto noutra(s) sociedade(s) que opere(n) no mesmo mercado ou mercado contiguo á antedita é o seguinte:

CIF e nome ou razón social		% de participación
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

2) As sociedades relacionadas no número 1.2 (se existen), deberán emitir pola súa vez certificado axustado ao modelo do anexo I.e.1).

E para que así conste ante o Instituto Galego de Promoción Económica, asina esta declaración no lugar e data abaixo indicados.

_____, de _____ de _____

(Sinatura)

Resolución do 17 de marzo de 2009 pola que se lle dá publicidade ao acordo do Consello de Dirección do Instituto Galego de Promoción Económica que aproba as bases reguladoras e a convocatoria da II edición dos premios ás iniciativas para o fomento da creatividade aplicada.

O Consello de Dirección do Igape, na súa xuntanza do 2 de febreiro de 2009, acordou por unanimidade dos seus membros asistentes a aprobación das bases reguladoras e da convocatoria da II edición dos premios ás iniciativas para o fomento da creatividade aplicada.

Na súa virtude, e de conformidade coas facultades que teño conferidas,

RESOLVO:

Único.-Publicar as bases reguladoras e a convocatoria da II edición dos premios ás iniciativas para o fomento da creatividade aplicada, as cales se anexan a esta resolución.

Santiago de Compostela, 17 de marzo de 2009.

Álvaro Álvarez-Blázquez Fernández
Director xeral do Instituto Galego de Promoción
Económica

Bases reguladoras e convocatoria da II edición dos premios ás iniciativas para o fomento da creatividade aplicada

Co obxecto de contribuír nun esforzo coordinado e conxunto a elevar o nivel socioeconómico, cultural, formativo e tecnolóxico das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, o Instituto Galego de Promoción Económica (en diante, Igape), as tres universidades galegas e a *Asociación Impulsora do Plan Ferrol* asi-

naron o 7 de abril de 2008 o convenio de colaboración para o fomento da creatividade aplicada.

As actuacións amparadas neste convenio, que deberán incidir directamente dentro do ámbito territorial do Plan de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, sen que iso exclúa que poidan beneficiar outros territorios e o conxunto da sociedade en xeral, desenvolveranse a través das denominadas iniciativas ou propostas creativas que poidan conducir a un novo produto ou servizo, á mellora dos existentes, á implantación de novos proxectos, e ao aumento da capacidade competitiva das empresas, do capital humano e do territorio, así como calquera outra que de forma inequívoca sexa acorde co obxecto e ámbito do convenio.

Identifícanse como actividades prioritarias as enerxías alternativas, loxística, industria naval, ambiente e natureza e turismo; calquera outras actividades de éxito xa existente na actualidade e propia de sociedades avanzadas ligada ao coñecemento, que non exista na zona e cuxa implantación no medio prazo sexa realista; aquelas outras actividades sobre as cales, aínda sen teren acadado o grao de madurez de mercado, exista determinado grao de consenso científico e técnico a nivel internacional que as catalogue como actividades de futuro e cuxa implantación sexa posible na zona, removendo os factores necesarios, nun horizonte de 5 a 10 anos; e calquera outra iniciativa que contribúa ao obxecto do convenio.

Atendendo a estes fins, o Igape decidiu, como fórmula para estimular a colaboración da sociedade civil en xeral e da comunidade universitaria en particular co Plan de desenvolvemento integral das comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal, convocar os I premios ás iniciativas para o fomento da creatividade aplicada 2008 e, dada a positiva resposta da